

## MESA SECTORIAL DO 18 DE OUTUBRO DE 2023

### Previsións OPE, Concurso de traslados e listas de contratacións

**Concurso de traslados aberto e permanente:** informan de que teñen previsto publicar as adxudicacións definitivas antes de que remate o ano, a ser posible antes da segunda quincena de decembro.

**Listas de selección temporal:**

- Publicación en DOG o 23 de outubro das listas definitivas das categorías de Bibliotecario/a e Grao medio de biblioteconomía.
- Publicación en DOG o 30 de outubro das listas definitivas das categorías que faltaban.

**Concurso de méritos de difícil cobertura:**

- No mes de outubro teñen previsto publicar a baremación provisional de todas as categorías excepto especialistas en enfermaría de saúde mental.
- A intención é que nesas categorías a Resolución final sexa antes de que acabe o ano 2023.
- Non deron previsións para a categoría de especialista en enfermaría de saúde mental.

**Concurso de méritos de estabilización:**

- Enfermeiro/a: está pendente a toma de posesión que pretenden facela o antes posible, pero non especifican data.
- PSX e TCAE: indican que se reuniron os tribunais e que están xerando os listados, polo que nos próximos días publicarán do DOG a baremación provisional.
- Resto de categorías: indican que irán resolvendo a medida que se produzan os exames de oposición.

**Concurso-oposición:**

- Enfermeiro/a: publicación en outubro da plantilla definitiva de respostas e as notas provisionais.
- Publicación no DOG o 25 de outubro do lugar, hora e data de celebración dos exames de TCAE e PSX.

**CIG-Saúde** preguntamos pola convocatoria das prazas incluídas na Oferta de emprego público do ano 2020 das categorías de Grupo técnico e Grupo xestión da función administrativa, posto que caducan a 21 de decembro de 2023.

A Directora de RRHH informa de que traerá á mesa sectorial a Oferta de emprego público do ano 2023, e que teñen previsto negociar dita convocatoria antes de que caduque.